



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2013

#### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

#### CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)  
D<sup>a</sup> MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA LÓPEZ REGO (PP)  
D JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS deG-PSOE)  
D<sup>a</sup> ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PSdeG-PSOE)  
D ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PSdeG-PSOE)  
D RAMÓN SIXTO LEGASPI (PSdeG-PSOE)  
D XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)  
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

#### INTERVENTORA

D<sup>a</sup>. PAULA CAMPOS RODRÍGUEZ

#### SECRETARIA

D<sup>a</sup>. ANA BARREIRO GÓMEZ

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as vinte e unha horas do día vinte e un de novembro de dous mil trece, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Asiste a interventora, habilitada estatal Paula Campos Rodríguez e actúa de secretaria a habilitada estatal Ana Barreiro Gómez.-

\*\*\*\*\*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho do asunto incorporado á orde do día, cursado xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

**PUNTO ÚNICO.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA QUE A CORPORACIÓN MUNICIPAL ACORDE INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A MODIFICAR AS BASES QUE REGULAN O “PROGRAMA TEMPORAL DE FOMENTO DO EMPREGO E POSTA EN VALOR DO TERRITORIO”, AO ENTENDER QUE É DISCRIMINATORIO E EXCLUÍNTE COS CONCELLOS E DESEMPREGADOS LUCENSES.-** Dáse conta da Proposta de Alcaldía de data 18 de novembro de 2013 relativa ao asunto do epígrafe, cuio teor literal di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

***DON JAVIER JORGE CASTIÑEIRA, Alcalde-Presidente do Concello de FOZ***

*A actual crise económica provocou que o desemprego se convertese na principal preocupación das cidadáns e, para que esta situación mellore, as administracións públicas deben impulsar iniciativas que, sen exclusión e en base a criterios obxectivos que garantan a igualdade de oportunidades, poidan contribuír a dar solución a esta problemática.*

*A Deputación de Lugo non parece respectar estes criterios xa que, tras analizar as bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia con data 9 de novembro de 2013; que regulan as axudas e subvencións para concellos de Lugo, de menos de 5.000 habitantes, para o programa*

*temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio e, en concreto, os requisitos que deben cumprir as entidades beneficiarias; extráese que só se poderán sumarse a este plan 24 dos 67 municipios da provincia.*

*Esta situación que está a provocar unha importante discriminación e unha repulsa dos alcaldes afectados, que rexeitan que se poida discriminar aos parados en función do concello de residencia.*

*Visto canto antecede esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte ACORDO:*

*O Pleno da Corporación Municipal insta á Deputación Provincial de Lugo a:*

- a) Modificar as bases que regulan o Programa Temporal de Fomento do Emprego e posta en Valor do territorio, recollidas no BOP do 9 de novembro de 2013, co obxecto de que podan participar todos os concellos da provincia e beneficien ao maior número de persoas desempregadas posibles*
- b) Incrementar, en cantidade suficiente, o orzamento destinado a este Plan de emprego, de tal xeito que se garanta a igualdade de oportunidades dos desempregados lucenses con independencia do concello no que residan.*

*Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Deputación de Lugo e aos Grupos políticos con representación no Pleno da Deputación Provincial.*

*É canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación; para sometelo á súa aprobación”.-*

O Señor Alcalde pide que conste en Acta que os membros do grupo do Partido Popular renuncian a asignación que lles corresponde por este Pleno.

E engade que o Plan da Deputación é discriminatorio, sesgado, contrario os intereses de Foz, cos desempregados de Foz.

Non está de acordo cos baremos que se utilizaron como son pertencer a Rede Natura.

Recibíronse axudas como a destinada a escola Obradoiro, que formou a máis de 40 alumnos, tamén se recibiron Planes de Cooperación cos que se financiaron os gastos d verán , subvencións para emprego.etc., por parte da xunta de Galicia.

Non consideran xusto, por iso piden a Corporación que os apoie na súa petición de modificación das bases do Plan a deputación, que non discriminen por poboación e que se incremente a aportación.

A portavoz do PSOE manifesta que eles tamén renuncian a asignación deste pleno.

Non entende como pode utilizar un tema tan sensible como é o desemprego, a Deputación sempre se volcou cos desempregados da provincia. Neste Concello presentouse un Plan de emprego e vostede nos Presupostos do ano 2012 e vostede optou pola abstención.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O Señor Feijoo e o Partido popular, recortaron dende que gobernan a inversión na Provincia.

Os obradoiros de emprego da Xunta, só foron destinados a Concellos gobernados polo Partido popular. Por parte da Deputación leváronse a cabo unha serie de Plans para combatir o desemprego.

Pídese se inste a Xunta para que adopte medidas neste campo dos desempregados.

O Portavoz de UNIFOZ, manifesta que eles decidirán se as dietas deste Pleno se destinen a beneficios sociais..Non entenden que isto sexa competencia do Pleno e non da Alcaldía, así como que agora se pida isto cando en anteriores ocasións non estivo de acordo.

Están de acordo con que se solicite emprego para os Concellos de máis de 5.000 habitantes e propoñen que a Corporación se sume a súa petición a Deputación dun Plan de Emprego para este tipo de Concellos, e que por parte da Xunta de Galicia se modifiquen as Bases das subvencións.

É un tema partidista sen necesidade de convocar un pleno.

O Portavoz do BLOQUE-MIXTO, manifesta que o PP é unha máquina de destrución de emprego e se queira chamar a atención a quen queira a crear emprego. Na Comarca da Mariña nos últimos anos medrou moito e a Xunta de Galicia non está a facer nada, pasouse en Foz de 300 a 800 desempregados, trátase dunha maníobra política de distracción ante a incompetencia e irresponsabilidade da Xunta e do Goberno ante a falta de ideas . O BNG presentou no Parlamento un Plan de Emprego para a Mariña , pero non se ten en conta.

O Señor Alcalde responde que encerrona pedir Plans de emprego e agora que se discrimina a Foz non queren responder. É servidurismo do Bloque que Goberna a Deputación e de dos demais.

Os Concellos do PSOE da provincia non solicitaron o Obradoiro de Emprego por iso non o recibiron, os que o solicitaron teñeno.

O paro de Foz e da época de bonanza, a Xunta de Galicia son de máis de 4.000.000 millóns de euros.

As inversións que propón a Deputación para Foz implican unha aportación do Concello do 50%.

O Bloque na Deputación está facendo inversións en Ribadeo, Viveiro, etc a través de Plans Extraordinarios e piden que sexan Plans de concorrencia competitiva que teñan que ver co emprego e non coa rede Natura.

A Portavoz do PSOE segue sen entender como se convoca un Pleno para un tema particular, os Concellos do PSOE si que solicitaron axudas da Xunta pero non se lles conceden. Ademais explíqueme a política de Cacharro na Deputación. Vostede está en desacordo coas políticas sociais e despois non acepta as axudas da Deputación, e tampouco porque defende a Xunta cando só crea desemprego.

O Portavoz de UNIFOZ di que eles defenden as políticas de emprego a través de emprego local e non por empresas privadas.

Xa se trouxo a pleno un Plan de emprego e non entende porque se trae este, pídelle que se sume a súa proposta de Plan de emprego e se as dúas coinciden eles apoiarano.

O Portavoz do BLOQUE-MIXTO manifesta que non se critique a quen crea emprego, porque é unha hipocresía.

O señor Alcalde responde que dende a Deputación non se ten en conta a Foz, que se están a levar a cabo políticas sociais coma a xuda a dependencia que se incrementou, o proxecto do xeriátrico, dende o Consorcio Galego de Benestar

Debatido suficientemente o señor alcalde somete a transcrita proposición a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: PP
- Votos en contra: PSOE, UNIFOZ E BLOQUE-MIXTO
- Abstencións: Ningunha

Consecuentemente, non obtida maioría de votos favorables, queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**NON PRESTAR APROBACIÓN AO CONTIDO DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

Concluído o anterior, ás vinte e dúas horas non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-



**CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

**A secretaria,  
Ana Barreiro Gómez**

**O alcalde,  
Javier Jorge Castiñeira**

**(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)**